



FESTA DO CRISTO EN LAZA DEBATE DO MOURO E O CRISTIÁN

NOME DO DOCUMENTO: MPG_ReXM_0017_001_en_0_00_01_B_id28_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_ReXM_0017_001_en_0_00_01_B_id28

FICHA PARA O APOI:

MATERIAL DISPONÍBLE: Gravación feita o 2-V-2010 e fotografías.

RECOLLEDOR: Xosé Manuel González Reboredo

LOCALIZACIÓN:

- **Lugar:** Laza
- **Parroquia:** San Xoán de Laza
- **Concello:** Laza
- **Provincia:** Ourense
- **País:** Galicia (España)

ÍTEMS NOS QUE ESTÁ INDEXADO:

A. POLA TEMÁTICA

- Literatura popular
- Teatro popular
- Mouros e cristiáns

B. POLO MARCO NO QUE SE SITÚA:

- Festas
- Festas patronais e de devocións locais ou sectoriais
- Santa Cruz/
- Maio

C. POLO INCIPIT :

- “Ánimo, soldados míos...”

PALABRAS CHAVE

Festas, Santa Cruz, maio, mouros e cristiáns



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

TRANSCRICIÓN DO TEXTO:

TEXTO DE LAZA (festa do Cristo).

Versión publicada por Vicente Risco e Xaquín Lorenzo

Variantes na gravación de 2010

CRISTIANO:

Ánimo, soldados míos,
que nadie pierda el aliento,
que vamos a defender
el divino Sacramento.

MORO:

5 Al rigor de esta mi espada
tengo que ganar la batalla,
o la muerte será mía
o la victoria ganada.

o a muerte es la mía...

CRISTIANO:

10 Si tienes la confianza
en Mahoma, que es tu dueño
pronto verás tu rigor
abatido por el suelo.

Si crees en Mahoma,
que es tu dueño...

MORO:

15 Si tienes la confianza
en el que está en el Altar,
prepárate, cristiano,
que vamos a pelear.

Si ves a Aquel
que está en el Altar...

(Pelexan o mouro e o cristián,
e gaña o cristián. O mouro agáchase
e o cristián ponlle a punta da espada
no espiñazo)

CRISTIANO:

20 Levanta, moro, levanta
y registra la batalla;
con la ayuda de María
la victoria está ganada.

la batalla está ganada.

MORO:

Yo me levanto, señor,
supuesto que lo habéis mandado.
¡Que viva la cristiandad
y Jesús Sacramentado!

FIN



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

TRANSCRIPCIÓN DO TEXTO:

TEXTO DO AUTO SACRAMENTAL DO SACRIFICIO DE ISAAC (festa do Cristo).

Versión publicada por Nieves Amado Rolán

NARRADOR

Abraham, padre de Isaac, tronco de la raza Hebrea y padre de todos los creyentes, vivió en la tierra de Canaan unos dos mil años antes de la venida de Nuestro Señor Jesucristo. Varón virtuosísimo, amante y temeroso de Dios, que pasó su vida como un ángel en la tierra. Un día el Señor, para probar su fé, llamándole le dijo:

DEUS

Abraham, Abraham

ABRAHAM

Heme aquí, SEÑOR

DEUS

Anda, coge a tu unigénito hijo, a quien tanto amas, y llévalo a la tierra de Moria y ofrécemelo allí en sacrificio sobre uno de los montes que yo te indicaré.

NARRADOR

Se levantó pues Abraham muy de mañana, y tomando la leña del holocausto se la cargó a Isaac, su hijo, sobre los hombros; tomo él en su mano el fuego y el cuchillo y siguieron ambos juntos.

Muy afligido va subiendo por el monte Moria aquel anciano abrumado por el peso de los años y aún más todavía por el de alguna grave desventura; lástima da verle respirando trabajosamente y conteniendo las lágrimas que quieren brotar de sus ojos. No así aquel mancebo que tranquilo le va siguiendo cuesta arriba, llevando un hacecillo de leña sobre los hombros y mirando de cuando en cuando al padre como pendiente de su voluntad. Más yendo en mitad de la cuesta, se vuelve y le dice

ISAAC

Sabeis lo que advierto Padre mío, que nos falta lo principal para el sacrificio, que es la víctima.

NARRADOR

A lo cuál repuso el anciano:

ABRAHAM

Sigue hijo mío, sigue, que Dios proveerá.

NARRADOR

No replicó el mancebo ni volvió a desplegar los labios, tanta era la veneración que a su padre tenía.

Cuando hubieron llegado a la cumbre del monte, le vio silencioso reunir piedras para formar un ara. Aún le ayudó con sus propias manos, colocando el hacecillo de leña para consumir el sacrificio. Luego dijo el padre:

ABRAHAM

Tú eres, hijo mío, la víctima designada por Dios.



NARRADOR

Esto dijo el padre, arrancándosele el alma al pronunciar aquellas palabras. Por no dar señales de su pena, por no afligir a su padre que había cumplido el mandato divino, con piadosa resignación, el hijo dijo en tono silencioso:

ISAAC

¡Cúmplase la voluntad de Dios!

NARRADOR

Y sin vacilar, se encaramó él mismo al ara, hincóse de rodillas y mostrándoles las manos a su padre para que se las atase, inclinó luego la cabeza como para recibir el golpe mortal.

Ya tenía el anciano el puñal alzado y se disponía a descargarlo sobre el cuello de su único hijo, objeto de tanta veneración, cuando se le apareció de entre las nubes un ángel del cielo, diciendo de este modo al afligido padre:

ANXO

¡Detén tu brazo Abraham, no mates a tu hijo Isaac, que Dios se da por satisfecho con tu fé y obediencia!

NARRADOR

Cayó en tierra el buen viejo, bañado el rostro en lágrimas y deshecho el corazón en amor y agradecimiento al Dios de sus mayores.

ABRAHAM

Gracias, Señor, por tu bondad y misericordia.

NARRADOR

Abrazó luego al hijo como si lo hubiera visto ya muerto y lo hallase resucitado.

Divisaron allí cerca un cordero más blanco que la nieve, que se había enredado en unos zarzales, y llevándolo entre los dos al ara, consumaron el sacrificio, y subió el humo ondeando por los aires, bajando como un abundante rocío la bendición del cielo.

DEUS

Por mí mismo juro, que por haber hecho tú cosa tal de no perdonar a tu hijo, a tu unigénito, te bendeciré largamente y multiplicaré tu descendencia como las estrellas del cielo y las arenas de la orilla del mar, y se gloriarán todos los pueblos de la Tierra por haberme tú obedecido.

NARRADOR

Y en efecto, así fue. Las promesas de Dios no faltarán jamás en la casa de Abraham, y de su descendencia habrá de nacer el Mesías, el Mesías, el hijo de Dios.

FIN

CONTEXTO ETNOGRÁFICO.-

Tradicionalmente esta festa celebrábase o día 3 de maio, data na que a Igrexa Católica conmemoraba o descubrimento ou *Invención da Santa Cruz* durante unha visita a Xerusalén de Santa Helena, a nai do emperador Constantino. Nos últimos tempos quedou oficialmente unida á *Exaltación da Santa Cruz*, fixada no 14 de setembro. Pero en Laza mantívose a vella data de principio de maio, malia ser trasladada nos últimos tempos ao domingo achegado ao día 3.

Tendo en conta que a festa coincide co comezo do mes de maio, resulta lóxico que durante a mesma apareza un elemento propio de celebracións populares de abril-maio, e que neste caso consiste na colocación en lugar destacado da localidade dunha *árbore de maio* traída polos mozos do monte, a cal se manterá ergueita durante a festa. Con todo, o aspecto máis orixinal é a procesión que ten lugar pola mañán, e na que figuran, ademais de imaxes e outros compoñentes de calquera percorrido procesional, os seguintes elementos e personaxes:

1- O ramo.- É un ramo de loureiro adornado con fitas de cores, unha rosca e un galo vivo. Lévaos na cabeza da procesión un veciño do lugar.

2-Adán e Eva.- Adán é un home maduro que na actualidade viste roupas que evocan o mundo oriental. El, xunto cos danzantes que se mencionan a seguir, van, antes da procesión, buscar a Eva a unha casa da *Picota*, a praza central da localidade. Ela viste traxe e zapatos brancos, lembrando unha noiva. Por outra parte, Adán carga cunha eixada, evocación do traballo masculino, e Eva fai que fía cos instrumentos propios desta actividade feminina: a roca e o fuso. Tamén leva unha cesta colgada do brazo e dela saca por veces unha froita que ofrece ao seu compañeiro. Adán, pola súa parte, trata de facer rir a Eva, aínda que ela debe manterse seria.

3-Abraham, Isaac e o anxo.- Abraham é un home maduro que nos últimos tempos viste, o mesmo que Adán, con prendas que evocan Oriente, o mesmo que o seu fillo Isaac, que é un mocíño duns 12 anos. Xunto con eles marcha o *anxo*, un rapaciño, ou rapaciña, vestido de branco e con ás deste color.

4- Os danzantes.- Son mozos que visten pantalón *bombacho*, camisa, gorra e medias brancas, faixa roxa, banda azul e zapatos negros. Levan castañolas nas mans, agás os dous primeiros, que manteñen unha espada sobre o ombro. A súa misión é executar en varias ocasións a correspondente danza durante o percorrido da procesión.

A procesión parte da igrexa parroquial e percorre as rúas céntricas do pobo, deténdose para que actúen os danzantes en lugares pre-determinados, os que o fan seguindo a melodía interpretada polos gaiteros e tamboril. A orde é a seguinte: 1/Cruz parroquial, estandartes e ramo, 2/Danzantes, 3/ Adán e Eva; detrás Abraham, Isaac e anxo, 4/ Virxe do Rosario levada en andas por catro mulleres, 5/Imaxe do Cristo levada en andas por catro homes, 6/ Clero, músicos e público en xeral, 7/ Sen orde rixida: Gaiteros que acompañan aos danzantes e que marchan pola súa conta para situarse nos lugares onde actúa a danza.

A principal posta en escena ten lugar na aludida praza da *Picota*, xa que nela se representa o *Sacrificio de Isaac*, breve peza de teatro relixioso no que un relator declama unha versión do texto recollido en *Xénesis 22*, movéndose Abraham e Isaac en

función do dito polo relator. Ao final prodúcese a intervención do *anxo*, que detén a man de Abraham, sendo Isaac substituído por un cordeiro. Rematado este espectáculo, a procesión inicia de novo a marcha.

Na porta principal da igrexa parroquial ten lugar unha última actuación. Nela os dous primeiros danzantes, armados con espada, manteñen un breve diálogo entre un que fai de *cristián* e o outro de *mouro*. A representación dura moi pouco tempo, o necesario para recitar alternativamente o texto, que consta de 24 versos repartidos en seis *cuadras*, acabando o mouro por recoñecer a súa derrota. Esta é a máis breve *representación de mouros e cristiáns* das vixentes en Galicia.

Rematada a procesión os distintos personaxes van á praza da Picota e, a un sinal de Eva dada dende o balcón da casa da que salira, os danzantes marchan á carreira cara a igrexa parroquial en procura da rosca do *ramo*. O que chega primeiro faise con ela, aínda que logo a comparte cos seus compañeiros.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

BIBLIOGRAFÍA.-

Nieves AMADO ROLÁN.- “Os Maios en Laza. A festa do Santo Cristo”, en B. Vázquez González: *Tempos de festa en Galicia*. Vol. I. Ed. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006. Páx. 327 e ss.

José BLANCO CONDE.- *Laza. O Entroido enxebre*. Deputación Provincial, Ourense, 2000.

Mariló FERNÁNDEZ SENRA e Xulio FERNÁNDEZ SENRA (ed).: *Danzas gremiais e procesionais da provincia de Ourense*. Ed. Diputación Provincial de Ourense Ourense, 2000. Vol II., pax. 111 e ss.

Xosé Manuel GONZÁLEZ REBOREDO, 2019: *Festas con representación de mouros e cristiáns en Galicia e terras do noroeste veciñas*, Ed. Fervenza, Silleda.

Vicente RISCO/ Xaquín LORENZO.- “As festas do tres de maio en Laza”. *Boletín de la Real Academia Gallega*, XXIV, A Coruña, 1945. Páx. 281 e ss.

Vicente RISCO.- “Etnografía”, en *Obras completas*, 3. Ed. Galaxia, Vigo, 1994[1962]. Páx. 625 e ss.



1 - Árbore-maio no espazo diante da casa do concello. Ano 2010 (foto de X. M. González Reboredo).



2 – Adán e Eva. Ano 2010 (foto de X. M. González Reboredo).



3- O ramo, que se sitúa na cabeza do cortexo procesional. Ano 2013 (foto de X. M. González Reboredo).



4- Danzantes aguardando por Eva diante da Praza da Picota. Ano 2013 (foto de X. M. González Reboredo).



5- Danzantes actuando por primeira vez á saída da procesión. Ano 2013 (foto de X. M. González Reboredo).



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades



6- Os dous primeiros danzantes, que levan espadas, son os que representarán os papeis de mouro (o da esquerda) e cristián(o da dereita) ao final da procesión. Ano 2010 (foto de X. M. González Reboredo).



7- Adán e Eva en primeiro plano. Detrás, o anxo, Abraham e Isaas. Ano 2013 (foto de X. M. González Reboredo).



8- Representación do sacrificio de Isaac. Ano 2013 (foto de X. M. González Reboredo).



9- Os danzantes diante da porta principal da igrexa parroquial, instantes antes de comezar a breve disputa entre o mouro e o cristián. Ano 2010 (foto de X. M. González Reboredo).